



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 31 de xaneiro de 2019

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez.
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.
D^a. M^a José Caride Estévez.
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego.
D. Carlos López Font.
D^a. Olga Alonso Suárez.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez.

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e trinta e cinco minutos do día trinta e un de xaneiro de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(77).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(78).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MEMORIA “MELLORA DE ZONAS VERDES URBÁNS E BEIRARRÚAS NOS BARRIOS”, PARA PRESENTAR Á CONVOCATORIA DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RISGA PARA O ANO 2019. EXPTE. 16167/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29/01/19, dáse conta do informe-proposta de 21/01/19, asinado pola técnica de Administración Xeral, o xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, e polo concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

No Diario Oficial de Galicia de 9 de xaneiro de 2018, a consellería de Economía, Emprego e Industria vén de publicar a “ORDE do 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2019.”

Así a través deste programa, a Xunta de Galicia subvenciona os custos salariais totais por un periodo de contratación subvencionable de nove (9) meses e a xornada de traballo será como máximo do 75 %, non podendo, en ningún caso, ser inferior ao 50 %, de persoas en situación ou risco de exclusión social cunha antigüidade mínima de seis meses como perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

A convocatoria ten, entre outros, os seguintes condicionantes:

- Beneficiarias: persoas perceptoras da Risga e estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato. Terán preferencia, en todo caso, as persoas perceptoras da Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, os maiores de 45 anos e os que teñan cargas familiares.
- Máximo de ata 40 contratacións, tendo en conta que Vigo ten máis de 700 persoas perceptoras da Risga.
- A axuda abarca os salarios e custos empresariais segundo o convenio de aplicación, excepto a indemnización por cese, que sería a única cantidade que en concepto de retribución ás persoas participantes o Concello de Vigo debería cofinanciar en caso de resolución favorable aprobatoria de subvención.
- A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.
- O prazo de presentación de solicitudes remata o 11 de febreiro de 2019.

É por isto que Desenvolvemento Local e Emprego solicitou aos departamentos municipais de Fomento e Xardíns a elaboración de proxectos da actuación de interese para o seu ámbito competencial que puideran acollerse a esta subvención, especificando que as actuacións propostas deben diferenciarse claramente das funcións propias da plantilla municipal, que a formación obrigatoria do persoal traballador é responsabilidade do departamento ao que estes se adscriban, e que, así mesmo, os custos de materiais, de funcionamento e cartel explicativo deben ser asumidos por cada departamento.

Para o presente ano 2019, de resultas desta solicitude enviada, o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local presentou memoria, por un importe total de **260.784,56 €**, resultando as contratacións indicadas no cadro que se achega, facendo un total de 27



Concello de Vigo

persoas traballadoras naqueles ámbitos nos que, segundo as indicacións dos/as responsables técnicos e concelleiros/as, existía unha maior necesidade de actuación; aplicando o Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, subsidiariamente vixente e coas táboas salariais actualizadas ao Salario Mínimo Interprofesional de 2019.

Así no cadro que se achega resúmense os datos básicos do proxecto presentado polo servizo que finalmente serán presentados á convocatoria de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga neste ano 2019, especificando, o número de perfís das persoas traballadoras solicitadas, a duración da obra ou servizo e o custo salarial (que equivale á subvención que se solicita), cun período de contratación de 9 meses e unha xornada do 75%.

Memoria: “Mellora de zonas verdes urbáns e beirarrúas nos barrios”

N.º persoas a contratar: 27

Custes Salariais: 260.784,56 €

PERIODOS DE CONTRATACIÓN:

- **Desenvolvemento Local e Emprego**

- 9 meses e co 75% da xornada (28 horas 7,5 minutos semanais)

Para o desenvolvemento das actividades previstas nas memorias calcúlanse os seguintes gastos:

- MATERIAS OBRA:

- Totais gasto materiais de obras: 16,257,72€

- Os custes dos materiais se realizará contra a partida do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego 2410 21000000.

- VESTIARIO E EPIS

- Totais gastos de vestuario e EPIS 3.902,58 €

- Os custes dos materiais se realizará contra a partida do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego 2410 2210400.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), a competencia para a adopción do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.

Con carácter previo á adopción do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente para informe da Intervención Xeral do Concello, sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que deriven do outorgamento da subvención.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal e segundo as instrucións do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Aprobar a memoria do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, "**Mellora de zonas verdes urbáns e beirarrúas nos barrios**", que se achega no anexo I para presentar á convocatoria de axudas e subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga para o ano 2019, e que se resume no cadro que se achega no Anexo I.
2. Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de **260.784,56 €** para o desenvolvemento da memoria aprobada.
3. Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos.
4. Delegar no concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos sindicatos, D. Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

ANEXO I: Resumo de proxecto memoria do servizo:

“Mellora de zonas verdes urbáns e beirarrúas nos barrios”

RETRIBUCIONS BENEFICIARIOS/AS VIGO EMPREGA 2018										
Posto	Categoría	Salario mes	Prorrat a pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/ Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	9 meses 75% Xornada
1	Capataz- Construción	900,00	150,00	1.050,00	1.050,00	84/d	37,80	396,90	1.446,90	9.766,58 €
3	Oficial albanel	900,00	150,00	1.050,00	1.050,00	84/d	37,80	396,90	1.446,90	29.299,73 €
1	Oficial fontaneiro	900,00	150,00	1.050,00	1.050,00	84/d	37,80	396,90	1.446,90	9.766,58 €
2	Of. xardinaría	900,00	150,00	1.050,00	1.050,00	84/g	34,70	364,35	1.414,35	19.093,73 €
2	Of. conducción	900,00	150,00	1.050,00	1.050,00	84/f	32,75	343,88	1.393,88	18.817,31 €
8	Peón Xardinaría-Forestal	900,00	150,00	1.050,00	1.050,00	84/g	34,70	364,35	1.414,35	76.374,90 €
10	Peón construción	900,00	150,00	1.050,00	1.050,00	84/d	37,80	396,90	1.446,90	97.665,75 €
27										260.784,56 €

PRESUPOSTO E PARTIDA ORZAMENTARIA.

- 2410 2100000MATERIAIS CONSTRUCIÓN E OBRAS 16,257,72 €
- 2410 2210400VESTIARIO PROGRAMAS DE EMPREGO 3.902,58 €

3(79).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS MEMORIAS “OBRAS DE MELLORA NOS PARQUES MUNICIPAIS DE VIGO” E “MANTEMENTO DAS ZONAS RURAIS DO CONCELLO DE VIGO” PARA PARA PRESENTAR Á CONVOCATORIA DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA A O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS PARA O EXERCICIO DO ANO 2019. EXPTE. 16164/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29/01/19, dáse conta do informe-proposta de 21/01/19, asinado pola técnica de Administración Xeral, o xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, e polo concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

No Diario Oficial de Galicia de 9 de xaneiro de 2019, a consellería de Economía, Emprego e Industria vén de publicar a “ORDE do 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2019.”.

Así a través deste programa, a Xunta de Galicia subvenciona os custos salariais totais por un periodo de contratación subvencionable que non supere os tres meses desde a súa data de inicio, cando a xornada sexa a tempo completo. En caso de contratacións a tempo parcial, de ata o 50 por 100, a dita duración máxima poderá estenderse ata os seis meses, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

A convocatoria ten, entre outros, os seguintes condicionantes:

- **Beneficiarias:** persoas desempregadas que deberán estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato. Terán preferencia, en todo caso, as persoas con especiais dificultades de inserción laboral, así como mulleres (preferentemente vítimas de violencia), menores de 30 anos (con preferencia os demandantes de 1º emprego ou sen cualificación profesional), persoas desempregadas de longa duración, persoas discapacitadas, maiores de 45 anos, persoas que esgotaran os subsidios ou sexan perceptoras de Risga, así como as persoas con cargas familiares.
- Os traballadores/as que fosen contratados, por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2017, pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratadas con cargo ás axudas nesta orde.
- A axuda abarca os salarios e custos empresariais segundo o convenio de aplicación xa que non exceden no caso do Concello de Vigo aos máximos que se estipulan na Orde correspondente a estas subvencións, excepto a indemnización por cese, que sería a única cantidade que en concepto de retribución ás persoas participantes o Concello de Vigo debería cofinanciar en caso de resolución favorable aprobatoria de subvención.
- A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.
- O prazo de presentación de solicitudes remata o 11 de febreiro de 2019.

É por isto que Desenvolvemento Local e Emprego solicitou aos distintos departamentos municipais susceptibles de elaboración de proxectos da actuación de interese para o seu ámbito competencial que puideran acollerse a esta subvención, especificando que as actuacións propostas deben diferenciarse claramente das funcións propias da plantilla municipal, que a formación obrigatoria do persoal traballador é responsabilidade do departamento ao que estes se adscriban, e que, así mesmo, os custos de materiais, de funcionamento e cartel explicativo deben ser asumidos por cada departamento. Ademais,



Concello de Vigo

as obras ou servizos que se desenvolverán mediante a actividade destas persoas traballadoras desempregadas deberán ser de interese xeral e social.

1. Para o presente ano 2019 de resultas desta solicitude enviada, o servizo de Parques e Xardíns e Fomento, presentaron memorias, por un importe total de **382.358,03 €**, resultando as contratacións indicadas no cadro que se achega, facendo un total de **89** persoas traballadoras naqueles ámbitos nos que, segundo as indicacións dos/as responsables técnicos e concelleiros/as, existía unha maior necesidade de actuación; aplicando o Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, subsidiariamente vixente e coas táboas salariais actualizadas co novo SMI.

Así no cadro que se achega resúmense os datos básicos dos proxectos presentados polos servizos e dos que finalmente serán presentados á convocatoria de axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o ano 2019, especificando, para cada un deles, o número de perfís das persoas traballadoras solicitadas, a duración da obra ou servizo e o custo salarial (que equivale á subvención que se solicita), con periodos de contratación de 3 meses a xornada completa e período de 6 meses e unha xornada do 50%.

SERVIZO	MEMORIA	PERSOAL	CUSTE SALARIAL
PARQUES XARDÍNS	OBRAS DE MELLORA NOS PARQUES MUNICIPAIS DE VIGO	33	140.679,00 €
FOMENTO	MANTEMENTO DAS ZONAS RURAIS DO CONCELLO DE VIGO	56	241.679,03 €
TOTAL		89	382.358,03 €

PERIODOS DE CONTRATACIÓN:

- **Parques e Xardíns**
 - 6 meses a media xornada (50%).
- **Fomento**
 - 3 meses a xornada completa.

Para o desenvolvemento das actividades previstas nas memorias calcúlanse os seguintes gastos:

• Parques e Xardíns	<u>Importe</u>	<u>Partida</u>
	◦ Vestiario e materiais	10.000,00 € 1710.210000
• Fomento:	<u>Importe</u>	<u>Partida</u>

- | | | |
|--------------------------|-------------|--------------|
| ◦ Vestiario e EPI's | 10.000,00 € | 1532.2210400 |
| ◦ Materiais e maquinaria | 92.000,00 € | 1532 2210400 |

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), a competencia para a adopción do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.

Con carácter previo á adopción do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, remitírase o expediente para informe da Intervención Xeral do Concello, sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que deriven do outorgamento da subvención.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal e segundo as instrucións do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Aprobar as memorias seguintes que se achegan no anexo I para presentar á convocatoria de axudas e subvencións para a o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio do ano 2019, e que se resumen no cadro que se achega no Anexo I.
 - a) Parques e Xardíns:
 - "OBRAS DE MELLORA NOS PARQUES MUNICIPAIS DE VIGO"
 - b) Fomento:
 - "MANTEMENTO DAS ZONAS RURAIS DO CONCELLO DE VIGO"
2. Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de 382.358,03 € para o desenvolvemento das memorias aprobadas.
3. Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos.



Concello de Vigo

4. Delegar no concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos sindicatos, D. Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I: Resumo de proxectos solicitados polos servizos:

SERVIZO DE PARQUES E XARDÍNS

OBRAS DE MELLORA NOS PARQUES MUNICIPAIS DE VIGO

RETRIBUCIONS BENEFICIARIOS/AS VIGO EMPREGA 2018										6 meses 50% xornada
Posto	Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	TOTAL PLAN
1	Tec. Medio Agrícola/Forestal	900,00	150,00	1.050,00	1.050,00	8411/a	34,70	364,35	1.414,35	4.243,05 €
7	Oficial albanel	900,00	150,00	1.050,00	1.050,00	84/d	37,80	396,90	1.446,90	30.384,90 €
1	Oficial fontaneiro	900,00	150,00	1.050,00	1.050,00	84/d	37,80	396,90	1.446,90	4.340,70 €
7	Of. xardinaria	900,00	150,00	1.050,00	1.050,00	84/g	34,70	364,35	1.414,35	29.701,35 €
2	Of. conducción	900,00	150,00	1.050,00	1.050,00	84/f	32,75	343,88	1.393,88	8.363,25 €
15	Peón Xardinaria-Forestal	900,00	150,00	1.050,00	1.050,00	84/g	34,70	364,35	1.414,35	63.645,75 €
33										140.679,00 €

PRESUPOSTO E PARTIDA ORZAMENTARIA:

<u>Obras de mellora nos parques municipais de Vigo</u>	<u>Importe</u>	<u>Partida</u>
○ Vestiario e materiais	40.000,00 €	1710.210000

SERVIZO DE FOMENTO

MANTEMENTO DAS ZONAS RURAIS DO CONCELLO DE VIGO

RETRIBUCIONS BENEFICIARIOS/AS VIGO EMPREGA 2018										3 meses
Posto	Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/ Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total mes	TOTAL PLAN
2	Capataz- Construción	900,00	150,00	1.050,00	1.050,00	84/d	37,80	396,90	1.446,90	8.681,40 €
1	Auxiliar administrativo	900,00	150,00	1.050,00	1.050,00	84/a	33,75	354,38	1.404,38	4.213,13 €
4	Oficial pavimentador	900,00	150,00	1.050,00	1.050,00	84/d	37,80	396,90	1.446,90	17.362,80 €
1	Oficial mecánico	900,00	150,00	1.050,00	1.050,00	84/d	37,80	396,90	1.446,90	4.340,70 €
8	Of. conducción	900,00	150,00	1.050,00	1.050,00	84/f	32,75	343,88	1.393,88	33.453,00 €
9	Oficial albanel	900,00	150,00	1.050,00	1.050,00	84/d	37,80	396,90	1.446,90	39.066,30 €
2	Oficial carpinteiro	900,00	150,00	1.050,00	1.050,00	84/d	37,80	396,90	1.446,90	8.681,40 €
3	Oficial ferreiro	900,00	150,00	1.050,00	1.050,00	84/d	37,80	396,90	1.446,90	13.022,10 €
3	Oficial canteiro	900,00	150,00	1.050,00	1.050,00	84/d	37,80	396,90	1.446,90	13.022,10 €
23	Peón construción	900,00	150,00	1.050,00	1.050,00	84/d	37,80	396,90	1.446,90	99.836,10 €
56										241.679,03 €

<u>Mantemento das zonas rurais co Concello de Vigo</u>	<u>Importe</u>	<u>Partida</u>
• Vestiario e EPI's	10.000,00 €	1532.2210400
• Materiais e maquinaria	92.000,00 €	1532.2100000



Concello de Vigo

4(80).- REINTEGRO PARCIAL DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS DE GALICIA (AJE VIGO) AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO 2018. EXPTE. 16046/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24/01/19, dáse conta do informe-proposta de 30/01/19, asinado pola técnica de Administración Xeral, o xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro-delegado de Emprego e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro 2018.

ANTECEDENTES

Con data 11/01/2018, a Xunta de Goberno Local, acordou aprobar a convocatoria e as bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro correspondentes ao ano 2018, con rectificación de erro aprobado pola XGL o 25/01/2018 (expte. 14.538/77).

Con data 31/01/2018, publicouse no BOP, a convocatoria de subvencións para o formento do emprego en entidades sen ánimo de lucro para o ano 2018, dando comezo ao prazo de presentación de solicitudes desde o 01/02/2018 ao 14/02/2018, ambos incluídos.

Con data do 12.02.2018 a ASOCIACION DE JÓVENES EMPRESARIOS DE GALICIA (AJE) (CIF:G-36801876) presentou na sede electrónica do Rexistro Xeral do Concello de Vigo solicitude de subvención para o fomento do emprego en Entidades sen ánimo de lucro 2018 (expte.14930/77).

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión extraordinaria e urxente do 24.07.2018, acordou concederlle unha subvención por importe de 11.236,76€.

Con data do 26.07.2018 e rexistro de saída número 23029 comunícaselle a concesión da axuda, o importe, e o prazo para a súa aceptación e presentación da documentación necesaria para a xustificación e pago da mesma.

Con data do 27.07.2018 a ASOCIACION DE JÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO presentou na sede electrónica do Rexistro Xeral do Concello de Vigo escrito de solicitude dun anticipo do 50% da subvención concedida para o ano 2018 dentro do programa de axudas para o Fomento do Emprego para a realización das accións previstas no convenio (expte. 15607/77).

En atención á solicitude achegada, deuse trámite polo servizo xestor ao anticipo do 50% en aplicación da cláusula quinta das "bases das subvencións de fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro", procedendo ao abono de 5.631,88 € o pasado 27/08/2018.

Con data do 25.10.2018 a entidade AJE VIGO achegou a través da sede electrónica e dentro do prazo establecido ao efecto, a documentación necesaria para a xustificación e pago da subvención concedida (expediente 15848/77).

Examinada a dita documentación xustificativa, apreciase a realización das actividades contempladas no proxecto, sendo o montante total da subvención xustificada de 3.972,32€.

Na xustificación da realización do citado proxecto, dita asociación presenta nóminas, TC1 e TC2, modelo 111 así como as súas correspondentes certificacións bancarias, memoria explicativa das accións realizadas. Así mesmo, presenta escrito alegando que non esgotou a totalidade da subvención concedida, porque non puido cotratar ao persoal durante todo o período subvencionado por falta de fondos para contratar antes de recibir o anticipo.

Con data 13/12/2018, o xefe do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, emite informe concluíndo que resulta procedente iniciar un expediente de revogación parcial da subvención outorgada e requirir o reintegro parcial de **1.659,56 €**, resultante da diferenza entre o cobrado en concepto de anticipo e o finalmente xustificado, ao que se engadirán os xuros de mora desde o momento do pago da subvención ata a data do acordo que adopte a Xunta de Goberno Local.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

As Bases reguladoras da convocatoria do ano 2018 de subvencións para o fomento de emprego en entidades sen ánimo de lucro 2018, expediente 14538/77, establecen as obrigas que asumen as entidades subvencionadas, entre as que se inclúen nomeadamente (Bases 7ª e 17ª) as de:

- Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axudas na forma, prazos e termos establecidos na memoria.
- Acreditar que se realizaron os contratos e os gastos subvencionados asumindo as obrigas (salarios, impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
- Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.

En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora desde o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.



Concello de Vigo

- Reintegro de subvencións:

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro cando o/a beneficiario/a incorra nalgún dos casos previstos no art. 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O artigo 91 do Regulamento da LXS (aprobado mediante RD 887/2006, do 21 de xullo, RLXS), establece que o beneficiario deberá cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades, e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir cos compromisos asumidos con motivo da mesma. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención.

O procedemento de reintegro da subvención é o establecido no artigo 42 da LXS. A tal efecto, o acordo da Xunta de Goberno Local que determine o reintegro da axuda concedida adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á interesada co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións ou presentar a documentación que considere pertinente e que deberá constar no informe-proposta do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Mediante orde de inicio de expediente 16046/77, asinada polo concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos de data 13.12.2018, procedeuse ao inicio do procedemento de reintegro parcial da subvención outorgada á ASOCIACION DE JÓVENES EMPRESARIOS DE GALICIA (AJE) (CIF:G-36801876).

Mediante notificación asinada pola técnica de administración xeral de data 13/12/2018, efectuouse o trámite de audiencia e posta a disposición do expediente, a fin de que no prazo de dez días a entidade poidese achegar as alegacións e documentación que considerase oportunas.

Mediante conversación telefónica de data 17/12/2018 ponse en coñecemento deste servizo a existencia dun problema técnico que imposibilita o acceso ao contido da notificación electrónica remitida á asociación, polo que se procedeu ao envío da dita notificación por correo electrónico para o seu coñecemento e efectos oportunos, en espera de que se resolvese tecnicamente a devandita incidencia polo servizo de Administración electrónica.

Con data 18/12/2018 achégase escrito asinado polo presidente da asociación no que, en síntese, manifesta: que recibiron a notificación, que non van achegar alegacións e solicita que a Xunta de Goberno Local adopte á maior brevidade o acordo de reintegro de 1.659,56 €, máis os xuros de mora e que se lles indique o procedemento para reintegrar esa cantidade.

Xa que logo, examinados o expediente nº 14930/77 de solicitude da axuda, o expediente nº 15607/77 de solicitude de anticipo do 50% e o expediente nº 15848/77 de xustificación e pago da axuda concedida, e ao abeiro do disposto nas ditas bases reguladoras da convocatoria e, da regulación contida nos artigos 34, 37 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e os artigos 31, 33 e 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia verifícase que logo da xustificación final, resulta procedente

propoñer o REINTEGRO PARCIAL da subvención outorgada á ASOCIACION DE JÓVENES EMPRESARIOS DE GALICIA (AJE) pola diferenza entre o cobrado en concepto de anticipo e o finalmente xustificado, por importe de **1.659,56 €** e de **23,18 €** correspondentes aos xuros de mora desde o momento do pago da subvención ata a data da adopción do acordo de procedencia do reintegro na vindeira sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, segundo a estimación que se achega na seguinte táboa:

Data inicio do cálculo:	27/08/2018	Importe para o cálculo:	1.659,56€		
Data fin do cálculo:	10/01/2019	Tipo deuda:	Reintegro		
Data Inicio	Data Vto.	Días período	Tipo (%)	Principal (€)	Xuros (€)
27/08/2018	10/01/2019	136	3,75	1.659,56	23,18
TOTAIS				1.682,74 €	

A presente declaración de reintegro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da LRBRL.

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Con data 23/01/2019 emítese informe da Intervención Xeral Municipal de fiscalización favorable coa observación de que na *Resolución* deberásele indicar ao beneficiario os prazos de pagamento segundo o establecido no Regulamento Xeral de Recadación.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal de data 23/01/2019; previa a



Concello de Vigo

conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19.06.2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

PRIMEIRO.- Requirir á ASOCIACION DE JÓVENES EMPRESARIOS DE GALICIA (AJE) (G-36801876) o reintegro parcial da cantidade de 1.682,74 € que se corresponde coa diferenza entre o cobrado en concepto de anticipo do 50 % da axuda concedida e o finalmente xustificado por importe de 1.659,56 € ao que se engaden 23,18 € correspondentes aos xuros de mora desde o momento do pago ata a data da adopción do presente acordo; dacordo co disposto nas bases reguladoras de subvencións para fomento de emprego en entidades sen ánimo de lucro 2018 e, da regulación contida nos artigos 34, 37 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e os artigos 31, 33 e 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A presente declaración de revogación e reintegro da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións, polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

SEGUNDO.- Dar conta á entidade do acordo adoptado, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRO.- Deberá efectuar o aboamento nos prazos indicados (art. 62.2 LXT):

Se recibe a notificación da resolución entre os días 1 e 15 de cada mes, ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Se recibe a notificación da resolución entre os días 16 e o último de cada mes, ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Advertencia:

Transcorridos os anteditos prazos de ingreso en período voluntario sen que se efectuase o ingreso da débeda, iniciarase o período executivo e a recadación efectuarase polo procedemento de constriximento sobre o patrimonio do obrigado ao pagamento, sendo esixibles neste suposto as recargas do período executivo, xuros de mora e costas do procedemento nos termos dos artigos 26 e 28 da LXT (art. 161 LXT).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(81).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DA CANTANTE CHENOA O DÍA 1 DE MARZO NA PORTA DO SOL, CON MOTIVO DO PROGRAMA ENTROIDO 2019. EXPTE. 7850/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29/01/19, de fiscalización do 31/01/19, dáse conta do informe-proposta de data 28/01/19, asinado pola xefa do Servizo de Festas, a concelleira-delegada da Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Primeiro.- ANTECEDENTES

1.- O Servizo de Festas do Concello de Vigo inclúe na súa programación anual a realización de diversos espectáculos/actuacións artísticas que teñen lugar na Porta do Sol durante o Entroido, que este ano terá lugar entre o 1 e o 6 de marzo en diversos puntos da cidade.

Como consecuencia da resolución do decreto da Concelleira de Festas e Turismo de data 23 de xaneiro de 2019 relativo a selección dos concertos programados na Porta do Sol con motivo do Entroido 2019 (expediente 7849-335), resolveuse a contratación do espectáculo da artista CHENOA pola empresa CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L. B-27778141, que afirmaba ter unha data en exclusiva para a cidade de Vigo.

2.- Con data 12 de decembro 2018, a Concelleira delegada da área de Festas e Turismo comunícalle mediante escrito que se achega ao expediente, o interese do Concello de Vigo na contratación da actuación artística da cantante "CHENOA" por un importe total de 25.000 € máis rider técnico (luces e son) máis catering e ive, e solicítalle a confirmación da data de actuación para o día 1 de marzo e o documento que acredite que "Categorica Producciones, S.L" ostenta os dereitos exclusivos para a contratación da actuación, na súa condición de promotor en Vigo, na Porta do Sol en Vigo dentro do Entroido 2019. (anexado como documento nº 5 do expediente)..

3.- Con data 14 de xaneiro de 2019, D. Sebastián Corradini Falomir con DNI 43970808X, en representación da entidade ALIAS MUSIC CIF.: B-57327074 achega o documento onde afirma que ostenta os dereitos exclusivos de representación de CHENOA e que autoriza a "CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L." para organizar na súa condición de promotor do concerto do citado artista que terá lugar o día 1 de marzo de 2019 na Porta do Sol de Vigo. (anexado como documento nº 6 do expediente).

En data 16 de xaneiro de 2019 á empresa "CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L" achega, a petición do servizo de Festas, un presuposto final por importe de 39.845 €. Este presuposto inclúe o ive, a actuación artística (cachet), equipo de luces, son, pantallas LED e mais o catering.

Así mesmo, e tras diversas conversas técnicas co responsable da empresa, considérase que as condicións técnicas (rider do artista) son asumibles polo Concello de Vigo, e que seguen as pautas de contratos nacionais realizados dende este servizo con anterioridade con motivo dos concertos celebrados na Porta do Sol no Entroido. (Anexado como doc. Nº 9 do expediente)

4.- En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, a Xefa do Servizo de Festas con data 24 de xaneiro de 2019 e coa conformidade da Concelleira de Festas e Turismo, emite informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo consistente na celebración dun



Concello de Vigo

espectáculo musical a cargo da cantante nacional "CHENOA" a celebrar o día 1 de marzo de 2019, na Porta do Sol , con motivo do Programa "ENTROIDO 2019".

5.- Con data 24/01/2019, a Concelleira de Festas e Turismo resolve que se inicie o expediente necesario para a contratación da prestación do servizo consistente na celebración do espectáculo musical a cargo da cantante nacional "CHENOA" a celebrar o día 1 de marzo de 2019, na Porta do Sol con motivo do ENTROIDO 2019.

6.- Con data 24/01/19, redáctase o Prego de prescricións técnicas particulares pola Xefa do Servizo de Festas.

7.- Con data 24/01/2019, a Xefa do Servizo de Festas asina a Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato, que é conformada pola Concelleira de Festas e Turismo.

8.- Redactase o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 25 de xaneiro de 2019.

9.- O orzamento base de licitación co iva incluído ascende a 39.845 €, (correspondendo 6.915,24 € ao iva). Este gasto podería imputarse á partida 3380.226.0910 (Actividades de Festas) do orzamento vixente. Enténdese que o prezo se atopa dentro dos parámetros do mercado ao ser o importe establecido pola empresa que posúe o seus dereitos.

Segundo.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.

Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (RGLCAP), en todo o que non se opoña a LCSP.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.

Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

Tercero.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Segundo: O expediente de contratación iniciárase polo órgano de contratación de acordo co disposto no artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP); no Concello de Vigo esta competencia atópase delegada nos Concelleiros de Área segundo o Decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno local de 19 de xuño de 2015).

Terceiro: En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP a Xefa do Servizo de Festas e coa Concelleira da Área de Festas e Turismo asinaron o informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo consistente na celebración do espectáculo musical a cargo da cantante nacional "CHENOA" a celebrar o día 1 de marzo na Porta do Sol dentro de programa ENTROIDO 2019.

Cuarto: De acordo co establecido no artigo 116.4 e 116.3 LCSP consta a memoria xustificativa asinada pola Xefa do Servizo e pola Concelleira responsable da Área de Festas e Turismo, e o prego de prescricións técnicas particulares asinados pola Xefa do Servizo e o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Quinto: No relativo á clasificación do contrato segundo o establecido no artigo 17 LCSP trátase dun contrato de servizos. A forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ó disposto no artigo 116 da mesma Lei. O contrato ten a consideración de contrato privado de acordo ao disposto no artigo 25. 1. a) da devandita Lei. O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, que ostenta os dereitos de exclusiva da actuación do artista.

Sexto: Ao expediente incorporárase o informe favorable da Asesoría Xurídica e o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral, quen ademais fiscalizará previamente para a súa aprobación o expediente.

Sétimo: A competencia para aprobación do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación ao amparo da Disposición adicional segunda da LCSP. Consonte ao estipulado no artigo 117 da citada lei, a resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo da actuación artística a cargo da cantante nacional "CHENOA" a celebrar o día 1 de marzo de 2019, as 20:30 horas na Porta do Sol, con motivo do Programa "ENTROIDO 2019" (expediente nº 7850-335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 24 de xaneiro de 2019 asinado pola Xefa do Servizo de Festas, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 25 de xaneiro de 2019, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.



Concello de Vigo

Segundo .- Autorizar un gasto por un importe total de 39.845 €, (correspondendo 6.915,24 € ao ive) podería imputarse con cargo á partida 3380.226.0910 (Actividades de Festas) do orzamento vixente

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(82).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DO GRUPO SIDECARS O DÍA 2 DE MARZO NA PORTA DO SOL, CON MOTIVO DO PROGRAMA ENTROIDO 2019. EXPTE. 7853/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29/01/19, o informe de fiscalización do 31/01/19, dáse conta do informe-proposta de data 28/01/19, asinado pola xefa do Servizo de Festas, a concelleira-delegada de Festas e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Primeiro.- ANTECEDENTES

1.- O Servizo de Festas do Concello de Vigo inclúe na súa programación anual, a organización do programa de actividades “**Entroido 2019**”, que conleva a contratación de actuacións musicais na Porta do Sol, entre os vindeiros 1 e 6 de marzo. Como consecuencia da resolución do decreto da Concelleira de Festas e Turismo de data 23 de xaneiro de 2019, relativo á composición dos concertos musicais do programa “Entroido 2019” (expte. 7849/335), resolveuse a contratación do espectáculo do grupo “SIDECARS” a celebrar na Porta do Sol o día 2 de marzo de 2019. A proposta foi presentada no servizo de Festas o día 15 de xaneiro de 2019 pola empresa SWEET NOCTURNA S.L. que ademais afirmaba ter unha data en exclusiva para a cidade de Vigo.

2.- Con data 21 de xaneiro de 2019, a Concelleira delegada da área de Festas e Turismo comunica mediante escrito o interese do Concello de Vigo na contratación da actuación artística do grupo “SIDECARS” por un importe total de 20.000,00 € máis rider técnico (luces e son), catering e IVE, e solicita a confirmación da data de actuación para o día 2 de marzo e o documento que acredite que “SWEET NOCTURNA SL” ostenta os dereitos exclusivos para a contratación da actuación, na súa condición de promotor en Vigo, na Porta do Sol dentro do programa “Entroido 2019” (Anexado como doc. nº 5 do expediente).

3.- Postos en contacto coa empresa “SWEET NOCTURNA”, S.L., CIF B-36998524, confirma a posesión da exclusividade artística para a actuación do cantante, e a achega por correo electrónico. No documento de 22 de xaneiro de 2019, D. Francisco López Martín, en representación da entidade SEÑOR LORO S.L., achega o documento onde confirma que a empresa “SWEET NOCTURNA SL, S.L.”, ostenta os dereitos para a contratación do grupo SIDECARS na cidade de Vigo e autoriza a SWEET NOCTURNA, S.L., na súa condición de

promotor do concerto, para a organización do mesmo que terá lugar o día 2 de marzo de 2019, na Porta do Sol (doc. nº 6 do expediente)

4.- En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, a xefa do Servizo de Festas, coa conformidade da Concelleira de Festas e Turismo, emite informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo consistente na celebración dun espectáculo musical a cargo do grupo nacional "SIDECARS" a celebrar o día 2 de marzo de 2019, na Porta do Sol, con motivo do Programa "Entroido 2019".

5.- Con data 24/01/2019, a Concelleira de Festas e Turismo resolve que se inicie o expediente necesario para a contratación da prestación do servizo consistente na celebración do espectáculo musical a cargo do grupo nacional "SIDECARS" a celebrar o día 2 de marzo de 2019, na Porta do Sol, con motivo do Programa "Entroido 2019"

6.- Con data 25 de xaneiro de 2019, redáctase o Prego de prescricións técnicas particulares pola xefa do Servizo de Festas.

7.- Con data 25/01/2019, a xefa do Servizo de Festas asina a Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato, que é conformada pola concelleira de Festas e Turismo.

8.- Redactase o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 25 de xaneiro de 2019.

9.- O orzamento base de licitación co IVE incluído ascende a 32.670,00 euros, correspondendo 5.670,00 euros ao IVE. Este gasto podería imputarse á aplicación 3380.226.0910 "Actividades de Festas" do orzamento vixente. Enténdese que o prezo se atopa dentro dos parámetros do mercado ao ser o importe establecido pola empresa que posúe o seus dereitos.

Segundo.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (LCSP).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.

Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (RGLCAP), en todo o que non se opoña a LCSP.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.



Concello de Vigo

Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno.

Terceiro.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- De conformidade cos artigos 25.1 e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

2.- O expediente de contratación iniciárase polo órgano de contratación de acordo co disposto no artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP); no Concello de Vigo esta competencia atópase delegada nos Concelleiros de Área, segundo o Decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 19 de xuño de 2015 e o acordo da Xunta de Goberno local de 19 de xuño de 2015).

3.- En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP, a xefa do Servizo de Festas e coa conformidade da Concelleira da Área de Festas e Turismo, asinou o informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo consistente na celebración do espectáculo musical a cargo do grupo nacional "SIDECARS" a celebrar o día 2 de marzo na Porta do Sol, con motivo do Programa "Entroido 2019".

4.- De acordo co establecido no artigo 116.4 e 116.3 LCSP consta a Memoria xustificativa asinada pola xefa do Servizo e pola Concelleira responsable da Área de Festas e Turismo, o Prego de prescricións técnicas particulares, asinado pola xefa do Servizo de Festas, e o Prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola xefa do Servizo de Contratación.

5.- No relativo á clasificación do contrato segundo o establecido no artigo 17 LCSP trátase dun contrato de servizos. A forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ó disposto no artigo 116 da mesma Lei. O contrato ten a consideración de contrato privado de acordo ao disposto no artigo 25.1. a) da devandita Lei. O contrato adjudicárase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, que ostenta os dereitos de exclusiva da actuación do grupo.

6.- Ao expediente incorporárase o informe favorable da Asesoría Xurídica e o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o Servizo de Intervención Xeral, quen ademais fiscalizará previamente para a súa aprobación o expediente.

7.- A competencia para aprobación do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación ao amparo da Disposición adicional segunda da LCSP. Consonte ao estipulado no artigo 117 da citada lei, a resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adjudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo da actuación artística a cargo do grupo nacional “SIDECARS” a celebrar o día 2 de marzo de 2019, as 22:30 horas na Porta do Sol, con motivo do Programa “Entroido 2019” (expediente nº 7853/335), que contén o Prego de prescricións técnicas particulares de data 25 de xaneiro de 2019, asinado pola xefa do Servizo de Festas, e o Prego de prescricións administrativas particulares de data 25 de xaneiro de 2019, asinado pola xefa do Servizo de Contratación.

Segundo.- Autorizar un gasto por un importe total de 32.670,00 euros (correspondendo 5.670,00 euros ao IVE), con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0910 (Actividades de Festas) do programa de Festas para o vixente exercicio económico.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(83).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA GARCÍA BARBÓN DENDE SERAFÍN AVENDAÑO ATA ROSALÍA DE CASTRO – MARXE IMPAR" EXPTE.141/441.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 29/01/19, que di o seguinte:

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa García Barbón dende Serafín Avendaño ata Rosalía de Castro – marxe impar" (141-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa García Barbón dende Serafín Avendaño ata Rosalía de Castro – marxe impar" (141-441) na seguinte orde descendente:

Licitadores	Puntuación
-------------	------------



Concello de Vigo

1	CIVIS GLOBAL, S.L.	97,60
2	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	97,27
3	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	94,72
4	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	92,08
5	ORECO, S.A.	89,95
6	HORDESCON, S.L.	76,03
7	COPCISA, S.A.	53,94

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

8(84).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “PAVIMENTACIÓN DA RÚA URZÁIZ”. EXPTE. 4114/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29/01/19, dáse conta do informe-proposta de 28/01/19, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, e o concelleiro delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 08.02.18, resolveu autorizar o gasto para redacción do proxecto de "Pavimentación da rúa Urzaiz", a prol da empresa EPTISA Servicios de Ingeniería, S.L. (B85097962).

II.-O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 26 de decembro de 2018 recolle dentro do programa 1532 “Pavimentación de vías públicas.” a aplicación orzamentaria 1532.2100000 (CONSERVACION DE VIAS E ESPACIOS PUBL.).

III.- A empresa EPTISA Servicios de Ingeniería, S.L., trala fase de supervisión do borrador presentado, presenta proxecto de “PAVIMENTACIÓN DA RÚA URZÁIZ”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Joel Liñares Masid, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CINCUENTA MIL CINCO EUROS CON SETENTA E UN

CÉNTIMOS (150.005,71 €), de data xuño de 2018 e con data da sinatura dixital de 28 de xaneiro de 2019.

IV.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, con data 22.01.2019, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, na mesma data resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

V.- A actuación desenrolase na rúa Urzáiz, entre a Rúa Colón e a Gran Vía, e consisten as obras a executar as que se enumeran a continuación:

- Fresado da capa de rodadura da rúa Urzáiz, medida nos testigos realizados como de 6,5 cm de espesor e que mostra un esgotamento xeneralizado, e substitución da mesma por unha capa de aglomerado asfáltico AC22 surf 50/70 D (antiga D-20).
- Realización de rehabilitacións superficiais en aqueles puntos nos que se aprecia que o esgotamento do firme non se limita a súas capas máis superficiais, executando dita substitución en dúas capas, ambas mediante formigón bituminoso tipo AC22 surf 50/70 D.
- Extensión de xuntas de morteiro elástico (JME) en aqueles puntos identificados como xuntas da estrutura subxacente, para evitar a aparición de novas fisuras en ditas zonas.
- Mellora da rede de drenaxe da rúa coa adición de varios sumidoiros.
- Substitución do caz de recollida de augas na beirarrúa da rúa Urzáiz por un sumidoiro lineal de pedra natural.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (TRES) 3 semanas.

VI.- A Enxeñeira Municipal da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal, emite en data 28.01.2019 informe, indicando o seguinte:

“Xa que a contía do proxecto é inferior a 500,000 euros e a actuación non afecta a estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra, o presente informe ten carácter facultativo. Art. 235 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”



Concello de Vigo

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto de “PAVIMENTACIÓN DA RÚA URZÁIZ”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Joel Liñares Masid, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CINCUENTA MIL CINCO EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (150.005,71 €), de data xuño de 2018 e con data da sinatura dixital de 28 de xaneiro de 2019.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(85).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “IMPLANTACIÓN DE VÍA VERDE SOBRE ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ” E O MANTEMENTO DAS ZONAS

VERDES, DO MOBILIARIO URBANO E DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS. EXPTE. 117/441.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31/01/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

10.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto mixto para a contratación das obras de "Implantación de vía verde sobre antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzáiz" e o mantemento das zonas verdes, do mobiliario urbano e das instalacións eléctricas (117-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto mixto para a contratación das obras de "Implantación de vía verde sobre antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzáiz" e o mantemento das zonas verdes, do mobiliario urbano e das instalacións eléctricas (117-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 28 de xaneiro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Excluír deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial de Vías e Obras e o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 23 de xaneiro de 2019:

1. AUDECA, S.L.U.
2. NAROM, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación das obras de "Implantación de vía verde sobre antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzáiz" e o



Concello de Vigo

mantemento das zonas verdes, do mobiliario urbano e das instalacións eléctricas (117-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UTE PRACE SERVICIOS E OBRAS, S.A. - EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRIGUEZ, S.L.	95,92
2	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	91,66
3	MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.	90,60
4	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	90,40
5	ORECO, S.A.	90,11
6	UTE CONSTRUCTORA SAN JOSÉ S.A. - EL EJIDILLO VIVEROS INTEGRALES, S.L.	76,14
7	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA	47,89

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE PRACE SERVICIOS E OBRAS, S.A. - EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRÍGUEZ, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do PCAP".

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE PRACE SERVICIOS E OBRAS, S.A. - EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRÍGUEZ, S.L., o día 29 de xaneiro de 2019, que presenta a documentación requirida o 31 de xaneiro de 2019, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 31 de xaneiro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, UTE PRACE SERVICIOS E OBRAS, S.A. - EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRÍGUEZ, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A oferta coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante é a formulada pola UTE PRACE SERVICIOS E OBRAS, S.A. - EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRÍGUEZ, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 10 e 23 de xaneiro de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á UTE PRACE SERVICIOS E OBRAS, S.A. - EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRÍGUEZ, S.L. o procedemento aberto mixto para a contratación das obras de “Implantación de vía verde sobre antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzáiz” e o mantemento das zonas verdes, do mobiliario urbano e das instalacións eléctricas (117-441) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 1.135.819,99 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 197.125,78 euros.
- b) Propón un incremento do período inicial do servizo de mantemento de zonas verdes e mobiliario urbano de 4 trimestres (6 trimestres en total).
- c) Propón un incremento do período inicial do servizo de mantemento das instalacións eléctricas de 4 trimestres (6 trimestres en total).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

10(86).- PROPOSTA PARA DEIXAR SEN EFECTO ACORDO DA XGL DE 10/05/18 E APROBACIÓN DE NOVO “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE AS RELFAS – SÁRDOMA”. EXPTE. 3791/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31/01/19, dáse conta do informe-proposta de 28/01/19, pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, e o concelleiro delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- En desenvolvemento do Protocolo de Colaboración asinado o 20 de novembro de 2015 entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local, na sesión do 29 de decembro de 2017, acordou a aprobación do proxecto de “CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A MELLORA DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 4969/440”. O mesmo foi asinado por ambas institucións con data 2 de xaneiro de 2018.

O obxecto do citado convenio é establecer as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación provincial de Pontevedra para a realización das obras de renovación, actualización e mellora de diversas instalacións deportivas no termo municipal de Vigo, entre as que figura a “Renovación das instalacións de céspede sintético en campos de fútbol municipais e a mellora dos sistemas de alumeado artificial e instalacións técnicas” cun orzamento previsto total de 2.900.000,00 euros.

II.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2017 recolle dentro do programa 3420 “Instalacións deportivas” a aplicación orzamentaria 3420.632.00.14 (1ª ANUALIDADE CONVENIO DEPUTACIÓN INVESTIMENTO CAMBIOS DE CÉSPEDE C. FÚTBOL).

III.- A Concellería de Deportes, a través de dilixencia asinada polo xefe do Servizo de Deportes-Director Deportivo en data 09.04.2018, remite unha series de proxectos de obras redactados polos Arquitectos Municipais Juan Piñeiro e David Carvajal, entre os cales figura o “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE AS RELFAS – SÁRDOMA”.

IV.- Por Decreto de Alcaldía de data 25.04.2018, delegouse no Concelleiro da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, tódalas atribucións precisas para a dirección política, xestión, seguimento, tramitación e execución necesarias das actuacións e proxectos do convenio de colaboración suscrito entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a mellora de instalacións deportivas no termo municipal.

V.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 30.04.2018, en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento asinado en data 27.04.2018, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

VI.- A Xunta de Goberno Local, en data 10.05.2018, previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 07.05.18, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 7 e 8 de maio de 2018, aprobou o

“PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE AS RELFAS - SÁRDOMA”, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS SETENTA MIL OITOCENTOS DEZ EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (370.810,39 €) de marzo de 2018 e data de sinatura dixital do 25/04/2018.

VII.- En data 26.10.2018, dende a Concellería de Deportes, remítese novo proxecto para execución de obras no antedito campo de fútbol, redactado polos Arquitectos Municipais, D. Juan Luis Piñeiro Ferradas e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS OITO MIL CINCOCENTOS SESENTA E CINCO EUROS con OITENTA CÉNTIMOS (408.565,80 Euros), de data de novembro 2018 e con data de sinatura dixital 20.11.2018.

Neste novo proxecto inclúense os traballos precisos para a reparación da urbanización na contorna do campo de fútbol, que se engaden aos incluídos no proxecto inicial, dada a problemática de afundimento que presenta a parcela no seu lindeiro noroeste.

VIII.- A actuación desenrólase no campo de fútbol de As Relfas, na parroquia de Sárdoma, e comprende as seguintes actuacións:

- Previamente procederáse a retirada e acopio do material e mobiliario existente, para proceder a retirada do céspede e granulado de caucho. Posteriormente o saneamento, nivelación e compactación do terreo existente, e aplicación de mestura bituminosa unha vez preparada a base, colocaráse o pavimento deportivo céspede artificial composto de base elástica prefabricada e acabado de céspede artificial.

- Renovación de sistemas de iluminación do terreo de xogo, para a mellora de eficiencia enerxética.

Instalación de caldeira de biomasa para a produción de auga quente, mediante unidades modulares que conteñen caldeira, silo, interacumulador, cos seus correspondentes sistemas hidráulicos e cadros de manobra.

- Respecto á reparación da urbanización, cuxo obxectivo principal é a de levar a cabo a reparación da zona urbanizada perimetral ao campo de fútbol debido á rotura producida na parte noroeste do campo de fútbol, esta consta das seguintes actuacións:

Demolición e retirada do formigón da zona afectada. Prevese un caxeo de 1 m de profundidade para realizar o saneo do terreo na devandita área, retirando o recheo non apto e incorporando chan seleccionado.

Incorporación dunha capa de xeotextil baixo a zona para encher con chan seleccionado e recheo e compactado das cárcavas identificadas nas inspeccións efectuadas.

Ademais procederáse á identificación e substitución do tramo de tubaxe de rega danada situada na parte noroeste do campo de fútbol.

Posteriormente repoñeráse o firme e bordo demolido e executarase a cuneta na coroación do muro de sostemento situado en parte noroeste do campo de fútbol. Mellorarase o sistema de drenaxe do muro de sostemento, incorporación de baixantes, substitución de arqueta, colector e sumidoiro.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 60 días.



Concello de Vigo

XIX.- A Enxeñeira Técnica Industrial e o Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emiten en data 21.11.2018 informe sinalando o seguinte:

“Aínda que a contía do proxecto, excluído o IVE é de 337.657,69 Euros , inferior a 500.000 Euros, o proxecto presentado segundo a descrición do mesmo afecta á estabilidade, seguridade e estanquidade da obra, polo que se considera que ten carácter preceptivo o artigo 235 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) .

A súa vez, tendo en conta a contía do proxecto e as determinacións que fixa o art. 233.2 da LCSP, os documentos a presentar poderán simplificarse. Neste caso presentan documentos de Memoria descritiva e construtiva, prego de prescricións técnicas, estudo básico de seguridade e saúde, planos e orzamento.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, segundo resulta dos propios documentos contidos no propio proxecto e do informe técnico que obra no expediente.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1º.- Deixar sen efecto o acordo de Xunta de Goberno Local de data 10.05.2018, de aprobación do proxecto “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE AS RELFAS - SÁRDOMA”, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS SETENTA MIL OITOCENTOS DEZ EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (370.810,39 €) de marzo de 2018 e data de sinatura dixital do 25/04/2018.

2º.- Aprobar o “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE AS RELFAS - SÁRDOMA”, redactado polos Arquitectos Municipais Juan L. Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS OITO MIL CINCOCENTOS SESENTA E CINCO EUROS con OITENTA CÉNTIMOS (408.565,80 Euros) de data de novembro 2018 e con data de sinatura dixital 20.11.2018.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(87).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROXECTO DE RENOVACIÓN DE INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE COMESAÑA”. EXPTE. 3794/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31/01/19, dáse conta do informe-proposta de 28/01/19, polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, e polo 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- En desenvolvemento do Protocolo de Colaboración asinado o 20 de novembro de 2015 entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local, na sesión do 29 de decembro de 2017, acordou a aprobación do proxecto de “CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A MELLORA DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 4969/440”. O mesmo foi asinado por ambas institucións con data 2 de xaneiro de 2018.



Concello de Vigo

O obxecto do citado convenio é establecer as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación provincial de Pontevedra para a realización das obras de renovación, actualización e mellora de diversas instalacións deportivas no termo municipal de Vigo, entre as que figura a “Renovación das instalacións de céspede sintético en campos de fútbol municipais e a mellora dos sistemas de alumeado artificial e instalacións técnicas” cun orzamento previsto total de 2.900.000,00 euros.

II.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 26 de decembro de 2018 recolle dentro do programa 3420 “Instalacións deportivas” a aplicación orzamentaria 3420.632.00.14 (2ª ANUALIDADE CONVENIO DEPUTACIÓN INVESTIMENTO CAMBIOS DE CÉSPEDE C. FÚTBOL).

III.- A Concellería de Deportes, a través de dilixencia asinada polo xefe do Servizo de Deportes-Director Deportivo en data 09.04.2018, remite proxecto para a execución de obras no campo de fútbol indicado, subscrito polos Arquitectos Municipais, D. Juan Luis Piñeiro Ferradas e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, adscritos a Xerencia de Urbanismo, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CINCUENTA MIL CENTO CORENTA E TRES EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (150.143,20 Euros) asinado con data 25 de abril de 2018.

IV.- Por Decreto de Alcaldía de data 25.04.2018, delegouse no Concelleiro da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, tódalas atribucións precisas para a dirección política, xestión, seguimento, tramitación e execución necesarias das actuacións e proxectos do convenio de colaboración subscrito entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a mellora de instalacións deportivas no termo municipal.

V.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 30.04.2018, en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento asinado na mesma data, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

VI.-A actuación se desenrola no campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e comprende as seguintes actuacións:

- Renovación de sistemas de alumeado, para a mellora de eficiencia enerxética.
- Instalación de caldeira de biomasa para a produción de auga quente, mediante unidades modulares que conteñen caldeira, silo, interacumulador, cos seus correspondentes sistemas hidráulicos e cadros de manobra.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 30 días.

VII.- Con data 03.07.18 remítese o proxecto a Augas de Galicia co obxecto de solicitar autorización desa Administración que remite resolución favorable en data 15.12.18, co seguinte condicionado:

Xerais

1.- As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.

- 2.- Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro e salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.
- 3.- Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.
- 4.- A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.
- 5.- Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes, ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinala o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.
- 6.- O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalacións que se autorizan.
- 7.- Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento de calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto ás servidumes legais.
- 8.- Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.

Particulares

- 1.- Obras correspondentes ao proxecto básico de "Renovación de instalacións no campo de fútbol de Comesaña", consistentes na renovación das instalacións de iluminación do terreo de xogo mediante substitución de 4 columnas de alumeado existentes por outras 6 de 18 m de altura, proxectores LED, canalizacións, caixas, cables, mecanismos e cadros de mando e protección, e máis renovación das instalacións de auga quente sanitaria para vestiarios mediante construción de caseta prefabricada de 2,40x5,70x2,50 para silo e caldeira de biomasa, substitución de circuitos de auga, mecanismos e instalación eléctrica en parcela de referencia catastral 54057A119004400001ZE, en zona de policía e a unha distancia de 8,62 m do leito do río Lagares, na parroquia de Santo André de Comesaña.
- 2.- Evitarase o toldamento das augas pola demolición de materiais ou operacións complementarias que teñan lugar nas proximidades do leito do río.
- 3.- Prohibirase a corta ou destrución da vexetación arbustiva ou arbórea de ribeira, agás que conte con autorización específica para estes traballos.



Concello de Vigo

4.- Deixarase en todo momento expedita a zona de servidume para uso público, consistente nunha banda de 5 m de ancho, medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias.

5.- Durante a fase de construción extremaranse as precaucións coa retirada de todo tipo de cascallos e material de refugallo das marxes, co obxecto de reducir posibles alteracións na calidade da auga circulante ou na capacidade hidráulica da canle.

De xeito especial, prohíbese expresamente verter no propio leito do río restos de formigón ou cemento, ou lavar materiais ou ferramenta que estiveran en contacto con eles, así como cambio de aceite de maquinaria de construción.

Non se depositarán na zona de servidume nin en lugares próximos ningún tipo de material que poida incorporarse ó río por escorrentas ou cheas.

Os residuos xerados durante a construción terán que ser trasladados a vertedoiro de residuos de construción autorizado.

6.- Una vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase a súa rehabilitación descontaminando a terra, se fora preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc ata conseguir a súa situación primitiva.

7.- O prazo para a realización das obras é de 12 meses (doce meses), contado a partir do día seguinte da recepción desta resolución. Finalizado este prazo extinguirase a validez da autorización, a non ser que se solicite e obteña unha prórroga antes do esgotamento do prazo.

8.- Rematadas as obras, comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ao seu recoñecemento final nos casos en que considere oportuno.

VIII.- Á vista da resolución de Augas de Galicia, os Arquitectos Municipais, D. Juan Luis Piñeiro Ferradas e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, adscritos a Xerencia de Urbanismo remiten novo proxecto no que se inclúe a citada resolución e con data de sinatura electrónica 15.01.19.

XIX.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite en data 16.01.19 informe sinalando o seguinte:

“A vista de que as obras propostas segundo o presuposto adxunto, excluído o IVE é de 150.143,20 Euros, inferior a 500.000,00 Euros e segundo determina o art. 235 lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e que o proxecto presentado segundo a descrición do mesmo non afecta a estabilidade, seguridade e estanquidade da obra.

Polo tanto segundo determina o art. 235 da “Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014” non e preceptivo o informe de supervisión.

A súa vez tendo en conta as determinacións que fixa o art. 233.2 desta lei, os documentos a presentar poderán simplificarse. Neste caso presentan documentos de Memoria descritiva e

construtiva, prego de prescricións técnicas, estudo básico de seguridade e saúde, planos e orzamento.

Polo que o proxecto presentado, define as obras a executar e as mesmas con este documento poden ser executadas, segundo se determina no apartado 3.1, esta obra unha vez rematada, pode ser entregada para o seu uso de acordo o art. 125 do R.D. 1098/2001, Regulamento da lei de contratos.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, segundo resulta dos propios documentos contido no propio proxecto e do informe técnico que obra no expediente.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o **PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE SAN ANDRÉS DE COMESAÑA**, subscrito polos Arquitectos Municipais, D. Juan Luis Piñeiro Ferradas e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, adscritos a Xerencia de Urbanismo, cun orzamento base de licitación máis IVE de **CENTO CINCUENTA MIL CENTO CORENTA E TRES EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (150.143,20 Euros)** e con data de sinatura dixital 15 de xaneiro de 2019.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez